

5 Entrevista - Rosana García, edil de Turismo de Valdoviño: "Hai xente que xa vive do surf todo o ano"

18 Cultura - Narón e Neda acollerán en agosto a 5ª edición do Festival "Jazz de Ría"

6 Covid-19 - Axudas para microempresas e autónomos no Concello das Pontes

enfiques.gal

Medio Ambiente



Multa a Endesa polo episodio de turbidez no Eume en outono

Operarios traballando polos verquidos ao Eume.

Páxs. 2 e 3

Industria

As Pontes, punto de referencia para xeración e almacenamento de enerxía

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, participou no 'Invest in Cities', onde puxo de manifesto as capacidades do municipio para atraer investimentos no ámbito das enerxías limpas: "Estamos nun proceso de reinvenção e As Pontes será o punto de referencia de almacenaxe e xeración enerxética con diversas tecnoloxías, esperando que os proxectos que están sobre a mesa se materialicen".

Páx. 6

Economía

As comarcas reclaman en Fitur o seu espazo como destino turístico

Páxs. 12 e 13

Patrimonio

Tarefas de mantemento no Castelo de Andrade, símbolo eumés

Páx. 9

INVESTIMENTOS 14 e 17

Narón aproba investimentos por 7,4 millóns de euros

Infraestruturas ■ O pleno de maio en Narón aprobou unha modificación de crédito procedente dos remanentes que suporá a posta en marcha de máis dunha ducia de proxectos viais, de humanización e servizos para os veciños.



A alcaldesa de Narón nunha das obras de saneamento do concello.

Cedeira suma outros 530.000 euros para novas inversións

Vinte proxectos ■ Esta nova partida acordada pola corporación municipal permitirá desenvolver diferentes proxectos para renovar viais, saneamento, dotacións ou mesmo mercar un novo tractor para labores de desbroce.

Medio Ambiente



Neda adhírese á campaña de recollida e reciclaxe de Ecopilas

Páx. 19



Dúas sancións para Endesa polo episodio de turbidez no río Eume

AUGAS DE GALICIA

DEMÁNDALLE ADEMAIS QUE ASUMA O CUSTO DAS OBRAS QUE FOI PRECISO ACOMETER NA POTABILIZADORA DE PONTEDEUME PARA GARANTIR O ABASTECIMENTO DE AUGA Á POBOACIÓN

Augas de Galicia informou da imposición de dúas sancións a Endesa Generación polo episodio de turbidez xerado no río Eume no pasado mes de outubro e cárgalle os custos das obras que foi preciso acometer na potabilizadora de Pontedeume.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, vén de trasladarlle á empresa esta proposta de resolución de imposición de dúas sancións polo episodio de turbidez xerado no río Eume, ao tempo que se lle demanda que asuma o custo das obras que foi preciso acometer na potabilizadora de Pontedeume para garantir o abastecemento de auga á poboación en cantidade e calidade.

Son dúas sancións por incumprimento moi grave. Unha pola desatención ao requirimento notificado dende Augas de Galicia no que se lle requiriu á entidade explotadora para que cumprira co réxime de explotación habitual mantendo a cota mínima de explotación en 306 msnm, garantindo en todo caso o mantemento do caudal ecolóxico.

Endesa Generación desatendeu o requirimento debidamente notificado, continuando co proceso de descenso de cota non autorizado ata o 28.08.2020, momento no que se constata a aparición de turbidez no encoro. Por non apreciar ningunha atenuante, procede impor a sanción prevista na Lei de Augas de Galicia na súa contía máxima, 600.000 euros.

A segunda, porque Endesa Generación modificou o réxime de explotación do encoro



Episodio de turbidez no Eume.

sen autorización administrativa incumprindo as obrigas que lle corresponden como titular da presa con graves consecuencias.

■ **O concello** remitiu no seu momento as pertinentes denuncias ante os organismos con competencias

Neste caso considerouse como atenuantes que a empresa está a tramitar a autorización administrativa das normas de explotación do encoro do Eume e que os controis levados a cabo no seu Plan de Vixilancia Ambiental do proceso de descenso serviron para detectar a turbidez e interromper o descenso programado, evitando así unha afección aínda maior. Por estas razóns procede impor a sanción prevista na súa contía mínima, 350.000 euros.

Ademais, a lei de Augas contempla que con independencia das sancións que se impoñan, poderá esixirse ás persoas infractoras a reparación dos danos e prexuízos ocasionados ao dominio público, así como a reposición das cousas ao seu estado anterior e cando isto non fora posible, fixaranse as indemnizacións que procedan.

Estes danos están valorados en 932.284,45 euros, que se corresponden coas actuacións que tivo que realizar a administración para garantir o servizo de abastecemento e para realizar o correcto seguimento ambiental que permitiu adoitar accións correctoras.

Propostas de resolución:

I- Declarar á Endesa Generación SA responsable da comisión da infracción moi grave tipificada no artigo 85 k) LAG e impoñerlle a sanción de multa de 600.000,00 euros.

II- Declarar á Endesa Generación SA responsable da comisión da infracción moi grave tipificada no artigo 85 m da LAG e impoñerlle a sanción económica de multa de 350.000 euros.

III- Os danos ao dominio público hidráulico están valorados en 932.284,45 euros, cuxa reparación será esixible á infractora en concepto de indemnización nos termos expresados.

A empresa tiña un prazo de 15 días hábiles para presentar alegacións a estas resolucións coa súa versión dos feitos.

Pasado ese prazo, Augas de Galicia preparará nas próximas datas o expediente oportuno para ser elevado ao Consello Reitor de Augas de Galicia, o órgano competente ao tratarse de sancións tipificadas como moi graves.

“Dende o concello remitimos no seu momento as pertinentes denuncias ante os organismos con competencias na materia, que agora, no caso de Augas de Galicia, fan públicos os resultados e as sancións impostas”, asegura o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández.

Como consecuencia deste episodio, os veciños e veciñas de Pontedeume estiveron dez días sen auga potable, do 10 ao 20 de outubro de 2020.

Para paliar as consecuencias, púxose a disposición da veciñanza un posto provisional de subministración de auga potable procedente da Rede de Abastecemento de Cabanas, co obxectivo de habilitar un punto máis de acceso a este recurso básico. Para instalalo, fíxose unha actuación para poder suministrar a auga dende Cabanas a través da conducción que discorre pola ponte de Pedra.

■ **A decisión adoptada o 10 de outubro** de restrinxir o uso alimentario da auga por parte do Concello de Pontedeume, debeuse exclusivamente aos niveis de turbidez rexistrados nas analíticas que estivemos a relizar na pranta potabilizadora, pois a turbidez non cumpría cos niveis máximos establecidos no Real Decreto 140/2003, e non á existencia de metais na auga de consumo, non detectados nas analíticas realizadas en pranta.

■ **“Cabe destacar** que ao longo dos cinco anos que levamos ao fronte do Goberno Local, o investimento na renovación e extensión da rede de abastecemento de auga potable supera xa os 1,3 millóns de euros, sen contar estes 1,5 millóns investidos na modernización da pranta potabilizadora, a raíz do episodio de turbidez sufrido no río Eume, o que faría un total de 2,8 millóns”, asegura facendo un repaso o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández.

Garantir a calidade da auga

AS XESTIÓNS

REALIZADAS POLO
CONCELLO DE
PONTEDEUME
CONSEGUIRON QUE
AUGAS DE GALICIA
INVESTISE 1,5 MILLÓNS
DE EUROS NA PRANTA
POTABILIZADORA

O Concello de Pontedeume, tras as xestións realizadas no episodio de turbidez das augas, conseguiu que Augas de Galicia habilitase unha partida de 1,5 millóns para combater a situación, centrando o investimento na adaptación da pranta potabilizadora. A nova instalación garantiza nas próximas décadas o bo estado da auga en cantidade e calidade.

As obras consistiron na instalación na estación de tratamento dunha cámara de mestura, previa ao actual tratamento, para optimizar os equipos da planta. Adaptouse ademais a liña do proceso de potabilización e implementouse no mesmo un tratamento físico-químico provisto de tecnoloxía de medición e control analítico, que permitirá a súa operación de xeito automático para garantir a calidade da auga.

“Por outra parte, e tras as xestións que realizamos e que deron como froito o compromiso por parte da Xunta da redacción dun proxecto para a renovación do saneamento e a instalación dunha pranta de bombeo en Ber, a Xunta incluíu nos orzamentos unha partida de 400.000 euros para eses traballos”, explica o alcalde, Bernardo Fernández.



Visita á planta potabilizadora.




MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME




HORARIOS

De LUNS a SÁBADO | 8 - 14:30h.

MARTES e SÁBADO | 16:30 - 20h.



Achégate e descúbreo!!!



EDITORIAL

Un turismo sostible en fondo e forma

O turismo sostible e o Slow Travel convertéronse en tendencia. Esta alternativa contraponse á invasión masiva de destinos que se viron prexudicados pola afluencia desmesurada de visitantes. No noso país xa existen cidades que se sumaron á alternativa das viaxes slow e o ecoturismo. Estes conceptos convidan o viaxeiro a esquecerse dos canons preestablecidos pola industria turística tradicional. A cambio, proponlle o goce dos destinos vacacionais dunha maneira máis tranquila, consciente e sostible.

As comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal reúnen tódalas condicións para se converter nun dos destinos máis atractivos para este tipo de turistas. De feito, xa están á vangarda de moitos proxectos relacionados coa sustentabilidade no sector turístico e outros, como o do Xeoparque Cabo Ortegal está chamado a ser un referente mundial.

A base do proxecto é o desenvolvemento sostible para os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño y Valdoviño. Con isto lograse poñer en valor todo o patrimonio que achega a zona para aproveitamento das persoas que viven na comarca e suporá un pulo para o turismo rural, a hostalería en xeral e os produtos agrarios. Falar de xeoparque é falar dunha marca de calidade, dun activo económico. Cada concello achega algo diferente a todo o conxunto, desde patrimonio cultural, deportivo ou simplemente as paisaxes.

Na comarca do Eume, os concellos das Pontes, Pontedeume, Monfero, Cabanas e A Capela presentan tamén unha candidatura conxunta, neste caso para optar ao programa Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos para financiar actuación de impulso, adecuación e mellora dos destinos turísticos, para aumentar e potenciar a sustentabilidade.

Toda a contorna do Eume, que ten nas Fragas o eixo vertebrador deste proxecto, é un destino

atractivo, sostible e desestacionalizado, integrado por activos culturais e patrimoniais para impulsar ou desenvolvemento económico e social e, deste xeito, revitalizar a comarca no seu conxunto.

De feito, nos últimos anos o Eume está a ser a epítome do turismo slow, é dicir, no turismo tranquilo en contacto coas tradicións locais e co patrimonio natural e realizado de xeito sostible, en gran parte polos máis de 16.000 visitantes que anualmente, antes da pandemia, facían o Camiño Inglés, e quedan enfeitizados polas paisaxes que ofrece esta comarca. A meirande parte de eles, volven.

Este tipo de turismo non é unha idea embrionaria nas nosas comarcas, senón unha realidade cada vez máis palpable. Segundo os datos do programa Turismo Slow Norte de Galicia xa hai máis de 50 aloxamentos dos concellos de A Capela, As Somozas, Cabanas, Cedeira, Cariño, Ferrol, Monfero, Mañón, Ortigueira e Valdoviño que forma parte desta guía que cada ano chega a milleiros de turistas de toda España e de Europa.

O camiño das comarcas nesta nova forma de descubrir o mundo e de viaxar non fixo máis que comezar. A pesar do boom que cada ano percibimos con máis forza, resta moito potencial por explotar e un dos grandes retos é desestacionalizar estas viaxes. As administracións locais e provinciais destinan cada ano máis recursos para impulsar o turismo sustentable, de natureza, as viaxes slow. Sempre coa mirada posta en dúas variables que deben de transcorrer paralelas, sen espallarse nin desviarse do camiño: por un lado a creación de riqueza para os veciños da zona, favorecendo a creación de empresas, negocios e aproveitando estes recursos para fomentar o emprego. Por outro, a difícil tarefa que conxugar isto coa conservación do patrimonio cultural, natural, histórico, gastronómico e mesmo urbanístico. Porque o turismo sustentable só é viable se é sustentable.

Colaboración

En precario

Coméntanme que o traballo nunca estivo tan mal remunerado, que cada vez as esixencias do mercado laboral son maiores para os traballadores e para as traballadoras, especialmente para estas últimas. E cada vez máis formación, máis habilidades, máis pluriactividade para postos cuxas condicións deixan bastante que desexar.

Pero recordo que isto mesmo sucedía fai un tempo, alá pola crise do 2008, na que as taxas de desemprego eran tan elevadas que non era nada estrano ver que persoas con dúas carreiras, un máster e anos de experiencia tiñan que conformarse cun traballo pouco cualificado e cun mísero salario.

Pero a precariedade laboral non é un asunto unicamente dos anos 2000, porque na década dos 90, por exemplo, tamén houbo diferentes crises sociais e financeiras que repercutiron na baixa calidade dos empregos...

Todo parece indicar, polo tanto, que o tema da precariedade ten un carácter estrutural. En xeral, existe como eiva na base da nosa sociedade, e en particular é unha materia pendente de todas as políticas de emprego, con independencia do sino político que viva na Moncloa.

O certo é que isto que acabo de reflexionar ata o de agora é pensar a nivel macro, e non me compete a min poñerlle remedio. Pero si que nos compete a todas e a todos como cidadáns poñelo enriba da mesa, inserilo na axenda social e política como un asunto de enorme transcendencia para que as persoas que teñen poder, e están no poder, busquen e encontren a maneira.

Porque a min me importa que a parella que traballa de sol a sol para pagar a hipoteca non teña que tomar tranquilizantes para levantarse cada mañá. Impórtame tamén que a nai que ten que sacar adiante aos seus dous fillos non teña que ter 4 traballos (coas correspondentes 4 hernias de disco) para poder obter un soldo decente. Por suposto, impórtame que o rapaz de 25 anos que se quere independizar poda facelo para que encontre a motivación e lle poña ganas á vida. E como non, impórtame que a aqueles e aquelas ás que lle quedan dous suspiros para xubilarse, podan facelo sen sentir unha aguda soidade.

Porque a calidade do emprego, non só ten repercusión na economía global, nin no peto de cada unha e de cada un. Repercute tamén na saúde das persoas, na física e na mental. Pero claro, esquecíame que sobre isto aínda estamos a anos luz.

O certo é que en precario, o corpo treme e a mente chora. Visibilicemos esta realidade, poñámola na axenda pública e fagámola mirar!

MARTA PIÑEIRO

Nicanor Tischler Reflexións dun viaxante

O mal

Aínda que o tema, así, in abstracto, é propicio para perderse en arduas elucubracións filosóficas, o certo é que o mal só me interesa cando se concreta, cando acaba convertido en maldade, é dicir, en actitude dirixida a facer dano, a causar sufrimento, a quebrar calquera liña de harmonía. Non entendo, pois, a maldade exclusivamente como carencia, como ausencia de ben e de bondade, senón como acción consciente, elaborada e orientada. Como proxecto activo. Nalgún momento, e pecando de certa inxenuidade, digamos, roussoniana, podemos pensar que esas actitudes perniciosas tiñan explicacións e ata xustificacións sociais, que

os que as practicaban non eran máis que vítimas, seres extraviados, desviados da súa condición humana, damnificados inocentes dun sistema estruturado sobre unha mala educación sentimental. Ou ben enfermos quimicamente alterados. E se cadra todo iso que defendíamos cando eramos candorosos é certo, ou non completamente falso. É posible que a maldade, a acción malévola que fire e esnaquiza, poda ser descodificada e entendida, pero a verdade é que iso, ese exercicio de espeleoloxía psíquica, agora mesmo non me apetece facelo. No seu último libro, “Biografía de la Inhumanidad”, o recoñecido ensaísta José Antonio Marina, despois

de sinalar os progresos éticos do ser humano, relata, con prevención e tremor, coma mirando sen querer mirar, dorido fronte ás composicións delirantes da crueldade, moitas das barbaridades que fomos capaces de cometer ao longo da nosa historia, eses retrocesos salvaxes que non conducen á animalidade, onde a maldade non existe, senón ás correntes abisais da razón máis monstruosa. Todos gardamos na memoria imaxes e informacións. Todos sabemos cando, como especie, chegamos a tocar fondo. Pero non quero referirme a esa maldade cataclísmica, que queda inscrita con vergoña nos libros de historia. Desa, todos sabemos algo. Hai outra, de

apariencia máis modesta, máis cotiá, máis ao alcance de calquera, máis doada de enmascarar ou de facer pasar por outra cousa, por unha simple e perdonable trasnada, por unha broma, como moito, de mal gusto, pero que manca e deixa marca. É esta a que quero sinalar agora, sen máis, sen mol-des sociolóxicos nin psicoanalíticos. Vexamos: ¿Non é un acto de pura maldade emborrallar ata deixar inutilizados algúns dos pictogramas que o Concello de Lugo colocou nos semáforos para axudar ás persoas autistas a cruzar máis seguras as rúas? Pois iso fíxose. Vandalismo adolescente derivado do alcohol e da farra desmedida? Si, tamén, pero sobre

todo maldade. E que me din dos que insultaron e ameazaron gravemente a Luna, a traballadora da Cruz Vermella que abrazou a un dos inmigrantes que chegaron a Ceuta, ata o punto de obrigala a pechar as súas contas nas redes sociais? Como lle chamamos a iso? Non inventemos nada, xa temos a palabra: maldade. E do rapaz ou rapaza que pretende, e fai todo o posible para conseguilo, humillar ao compañeiro ou compañeira que ve máis vulnerable, que decimos? Que decimos dos abusos arquetípicos? Non, non hai bromas unidireccionais; esas son burlas. E as trasnadas só son divertidas se as conta Gila, senón, nada de nada.

Entrevista

ROSANA GARCÍA, EDIL DE TURISMO DE VALDOVIÑO, VIVIU EN PRIMEIRA PERSOA A TRANSFORMACIÓN DO MUNICIPIO COSTEIRO EN TORNO AO TURISMO DO SURF. UN DEPORTE QUE É, UNHA FORMA DE VIDA PARA OS QUE OS PRACTICAN, PERO QUE, DE FEITO, TAMÉN ESTÁ A SER UNHA FORMA DE VIDA PARA MOITOS VECIÑOS DO CONCELLO, XA QUE NOS ÚLTIMOS ANOS O TECIDO EMPRESARIAL LOCAL ESTÁ A VINCULARSE CADA VEZ MÁIS CON ESTE SECTOR

“En Valdoviño xa hai empresas que viven do surf case todo o ano”

O litoral de Ferrolterra, do Eume do Ortegal é desde hai décadas un dos destinos predilectos de miles de turistas que cada ano se achegan ás nosas costas buscando un tempo agradable e natureza. Pero nos últimos cinco ou sete anos, un concello está a experimentar un boom turístico moi característico pola súa “especialización”.

Falamos de Valdoviño e a súa conversión nunha “meca” do turismo deportivo e máis concretamente do surf. Aínda que o Pantín Classic leva celebrándose desde os anos 80, o concello transformouse nos últimos tempos nun auténtico destino de referencia para viaxeiros de toda Europa.

A imaxe de decenas de surfistas batallando por coller as mellores ondas xa é unha estampa habitual nos areais da zona, aceditando que o surf, tal e como como explica a edil de Turismo de Valdoviño, Rosana García, máis que un deporte, é unha forma de vida. Tanto para os turistas como para os moitos veciños da vila.

Que valoración fai como edil da área do peso que está a adquirir Valdoviño como destino turístico na comarca de Ferrolterra?

A zona está en auge. Está a cambiar moito o tipo de turismo. A parte de que si que crece, hai anos o turismo aquí era o de xente da zona que viña a pasar o verán, porque tiñan a súa casa ou a alugaban. Iso está a cambiar e está a aumentar o turismo deportivo, sen dúbida, polo campionato de surf que nos colocou en todo o mundo. Tamén polo turismo familiar, pero que xa non vén dese xeito. É xente do resto de España ou de fóra que veñen pasar uns días, un mes ou unha semana coa súa familia.

Aínda que o Pantín Classic leva celebrándose 30 anos, este goberno soubo sacarlle partido ao potencial do surf como reclamo. Como é este tipo de turismo?

Hai un pouco de todo. O típico turista novo que vén só ou coa súa parella na súa furgoneta ou na súa caravana. Tamén veñen familias para aproveitar e prac-



A edil de Turismo, Rosana García, no Océano Surf Museo de Valdoviño.

“*Xa hai moitas iniciativas privadas consolidadas en torno ao surf, campings, aparcamentos de autocaravanas, pero o exemplo máis claro son as escolas de surf, que se multiplicaron nos últimos anos*”

ticar o deporte. A intención non era só atraer ao turismo, senón que a xente de aquí fose consciente do que realmente tiña. Parecíanos moi importante, porque non o vían como unha fonte de ingresos, mesmo para o que quere montar a súa propia empresa. Por exemplo, hai xente aquí que fai táboas. É a industria que ten Valdoviño agora mesmo.

Precisamente, este reclamo transformou nos últimos anos o tecido industrial e económico da zona. Creáronse varias em-

presas relacionadas directamente con mundo do surf.

Si, é un pouco onde queriamos ir. Que a xente se dese conta que é un turismo que indubidablemente interesa e que se pode vivir diso. Aínda que ten un compoñente estacional, cada vez vemos a máis xente que tamén vén no inverno. Non ao nivel que no verán ou en Semana Santa, pero durante todo o ano en praias como as de Pantín ves a xente que practica surf e xente de fóra.

A xente está a concienciarse diso e cada vez hai máis iniciativas privadas e municipais. O camping municipal está enfocado un pouco a ese tipo de turismo. Tamén hai novos proxectos de iniciativas privadas e outras xa consolidadas, como os campings de Valdoviño e de Meirás, e a área de estacionamento para autocaravanas. Pero o exemplo máis claro son as escolas de surf, que tamén creceron moitísimo e traballan todo o ano tamén.

Respecto a as iniciativas municipais, o goberno local trasladou recentemente á Xunta que

quere impulsar unha escola de tecnificación de surf.

Estase a mirar. É un proxecto no que estamos a traballar desde hai tempo en colaboración coa Federación Española de Surfing e Federación Galega de Surf. E para o cal xa contan cos terreos na zona da Frouxeira, e o apoio e interese da Secretaría Xeral de Deporte da Xunta.

Este boom turístico levou incluso ao goberno a ter que aprobar unha modificación do plan urbanístico.

Si, precisamente por iso, porque había moita demanda. O plan está a redactarse pero si que urxía facer unha modificación puntual para este tipo de iniciativas privadas.

O obxectivo da modificación é ordenar a implantación de campamentos de turismo en chan rústico, como campings e infraestruturas para autocaravanas, e dar maior seguridade xurídica a estas instalacións, cunha crecente e forte demanda no municipio.

Ademais dosurf, Valdoviño tamén está a ser unha das cabe-

Horarios

A oficina de turismo abrirá os sete días da semana no verán

■ A Oficina Municipal de Turismo de Valdoviño ven de abrir as súas portas de cara á tempada estival. Estará operativa os sete días da semana grazas á incorporación de dous técnicos de turismo, contratados ao abeiro dunha subvención procedente da Deputación provincial da Coruña. Durante catro meses, non só se limitarán a atender as consultas de visitantes e turistas mañá e tarde senón que tamén tomarán parte en iniciativas de promoción e dinamización turística. O horario da Oficina de Turismo, ubicada na Porta do Sol, será: os luns de 11:00 a 15:00 horas; martes de 15:00 a 19:00 horas, e de mércores a domingo de 11:00 a 19:00 horas.

zas visibles do proxecto do geoparque de cabo Ortegal. Que potencialidade turística cree que ten?

Moita, pero non só a candidatura, senón o traballo en si e que os concellos que o integran vendan os seus produtos de forma conxunta. Xa non é só a parte xeolóxica, que indubidablemente é moi interesante, senón que é un todo o que fai que sexa outro motivo polo que teñas que vir a esta zona.

Tedes algún outro proxecto en mente vinculado co turismo?

Agora mesmo, coa cesión das Baterías de Campelo está a traballarse coa Deputación nun proxecto para facer unha remodelación dese lugar.

É un enclave marabilloso e no seu conxunto, unha extensión superior aos 600.000 metros cadrados. Case que poderíamos unir toda a costa de Valdoviño con sendas e lugares como é Campelo, polo que estamos a traballar nese tipo de proxectos, na liña do turismo de natureza, deporte e mesmo da posta en valor do patrimonio.

Economía

Axudas para os autónomos e as microempresas nas Pontes

O CONCELLO RESOLVEU FAVORABLEMENTE O 100% DAS SOLICITUDES PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO, SOCIAL E LABORAL DA COVID-19, UN PLAN QUE CONTABA CUN ORZAMENTO INICIAL DE 340.000 EUROS

O Concello das Pontes resolveu favorablemente o 100% das solicitudes de axudas directas, axustadas ás bases, presentas polas microempresas e persoas autónomas ao abeiro das tres convocatorias do Plan Municipal de Reactivación Económica e Laboral do Concello das Pontes (APREL) ás empresas locais para paliar o impacto económico, social e laboral derivado da crise provocada pola COVID19.

Un plan que contaba cun orzamento inicial de e 340.000 euros, a través do que, en palabras da concelleira responsable de Industria e Emprego, Ana Pena, “o Concello das Pontes buscaba contribuír a dar liquidez ás persoas autónomas das Pontes e as microempresas locais que viron como os seus ingresos sufrían unha importante redución durante o confinamento para deste xeito axudarlles a manter a súa actividade, a cumprir coas súas obrigas empresarias e por ex-



Ana Pena, concelleira de Industria e Emprego das Pontes.

tensión a manter o emprego na nosa vila”

Presentáronse un total 295 solicitudes e concedéronse un total de 149.433,82 euros en axudas directas, outorgándose, en todos os casos, a cantidade económica máxima establecida nas bases das tres convocatorias.

Na primeira convocatoria, posta en marcha en xuño de 2020, repartíronse un total de 111.300 e foron un total de 228 as solicitudes presentadas a unha convocatoria que establecía

dúas liñas de axudas; unha cota fixa de 600 euros para persoas físicas e xurídicas afectadas polo peche dos seus establecementos polo decreto, do 14 de marzo, de declaración do Estado de Alarma e outra liña, cunha cota fixa de 500 euros, para aquelas persoas autónomas ou micropemes que sufriran unha redución da súa facturación de polo menos o 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do Estado de Alarma.

A segunda convocatoria foi posta en marcha no mes de decembro e o seu obxectivo era cubrir aquelas demandas que, por distintas circunstancias, non foron beneficiarias da primeira convocatoria, “buscando dar unha cobertura, o máis extensiva posible, ás persoas autónomas e microempresas do municipio, sendo 24 as solicitudes presentadas” explica Ana Pena

Finalmente, no mes de febreiro do presente exercicio 2021, o consistorio aprobou

unha terceira liña de axudas orientada exclusivamente ao sector hostaleiro, “un dos sectores máis castigado pola pandemia, situación agravada polos peches perimetrais que afectaron ao municipio das Pontes durante o último trimestre de 2020 e que provocaron que os establecementos hostaleiros se viran privados de ingresos para facer fronte aos custos de mantemento da súa actividade e do persoal” engade a concelleira de Industria e Emprego.

As Pontes

Volve a campaña Outonía en Primavera

O Concello das Pontes coa colaboración da Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes (Cohempo) retoma a campaña de dinamización do comercio da hostalería, ‘Outonía. Petisca e Merca nas Pontes’, co obxectivo de impulsar dous sectores esenciais na economía local.

Elena López, responsable da área, indica que “esta campaña estaba prevista para o outono de 2020 pero debido á situación sanitaria e as restricións

existentes, tanto no sector comercial como hostaleiro, non se puido levar a cabo. Agora é momento de contribuír á súa reactivación a través dunha campaña de incentivo do consumo, dándolle valor ao comercio de proximidade, ao produto local e o bo facer das persoas vencelladas á hostalaría e animando á veciñanza a saír ás rúas”. A campaña baixo o lema ‘Outonía en Primavera’ celébrase entre o 3 e o 5 de xuño.



Cartel da iniciativa.

Canle de comunicación por whatsapp

O Concello de As Pontes habilitou un servizo de información municipal vía WhatsApp. Así, a veciñanza disporá dunha nova canle de comunicación que lles permitirá estar informados de todo o que ocorre na súa vila a través do seu móbil.

Os interesados en recibir nos seus teléfonos intelixentes todo o que sucede nas Pontes, de forma instantánea, deben enviar a palabra ALTA ao 617 701 200 e, a partir dese momento, comezarán a recibir as novas.

As Pontes

A bandeira azul distingue a calidade do lago das Pontes

TRAS A SÚA INAUGURACIÓN EN 2012, A PRAIA DO LAGO DAS PONTES LOGRA POR PRIMEIRA VEZ O MÁXIMO GALARDÓN QUE RECOÑECE A CALIDADE AMBIENTAL DESTA ZONA NATURAL, GRAZAS Á CANDIDATURA PRESENTADA POLO GOBERNO LOCAL

O lago artificial máis grande de Europa logrou este ano a busca da bandeira azul, unha distinción que concede anualmente a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac). A concesión da bandeira azul reconece así o esforzo nos últimos anos do goberno local por acondicionar o areal para cumprir coas máximas esixencias ambientais.

“Esta insignia sitúanos no mapa internacional do turismo, marca un punto de inflexión para o noso municipio e converte a praia do lago das Pontes na primeira praia interior da provincia da Coruña e na se-

gunda de Galicia en recibir este galardón, nun símbolo de ecolocalidade turística recoñecido en máis de sesenta países de todos os continentes”, subliña Elena López, concelleira de Turismo.

“Este galardón compromete ao Concello das Pontes a manter uns estándares de calidade baseados nun estrito criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade que supoñen unha garantía para toda a veciñanza e para as persoas visitantes que se achegan ata a praia do lago”, engade a a edil.

O goberno local que dirixe Valentín González Formoso leva

tempo traballando para obter a bandeira azul, tras recibir ademais a visita dunha inspectora da Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac), quen subliñara as posibilidades do areal pontés para recibir este recoñecemento.

Posteriormente, a concellería de Turismo presentou, no mes de novembro de 2020 a candidatura oficial acompañada dun dossier xustificativo da súa proposta así como unha completa memoria de actividades e información sobre a praia do lago. Un esforzo que daría os seus froitos coa recén recibida distinción.

De mina a lago

■ **Tras máis de 70 anos** de explotación mineira, a zona na que agora se sitúa o lago chegou a ser a mina a ceo aberto máis grande de España. Coa clausura da súa actividade en 2007, a súa reconversión, onde entón quedaba un gran oco baleiro, era esencial. Nese momento, a principal preocupación das autoridades, e sobre todo do goberno local, era rehabilitar a contorna cunha solución económica, social e medioambiental. As características xeográficas e xeolóxicas permitían que a opción máis idónea fose a creación dun gran lago. Deste modo, en 2008 comezou a encherse de auga coas aportacións das correntes fluviais próximas. Ademais, durante todo o proceso púxose especial atención á calidade da auga, cubrindo por exemplo o fondo cunha capa de arcilla para evitar a súa acidificación. Doutra banda, a escombreira, onde se depositaban os materiais da extracción, tamén pasou por un proceso de transformación, convertíndose actualmente nun hábitat de gran valor ambiental.



O praia do lago das Pontes é o segundo areal de interior que acada este recoñecemento en Galicia.

Actividades para todos os gustos: deportes acuáticos e ata rutas

O lago oferta unha ampla variedade de actividades para os visitantes. Para aqueles que prefiran descansar ou tomar o sol, a praia recentemente distinguida coa bandeira azul permite escoller entre zonas de area e de herba. O areal conta cun desfilbrilador, socorritas, aseos e unha silla anfibia para permitir o baño das persoas con mobilidade reducida.

Quen escolla as actividades acuáticas poderá nadar na su-

perficie artificial de auga doce máis grande do continente. Ademais, habitualmente oférganse cursos de deportes acuáticos, como windsurf, vela ou piragüismo.

Saíndo da praia, os visitantes tamén poderán gozar de propostas en plena natureza. A Senda da Memoria é unha ruta de 9 quilómetros que bordea o lago. O seu nome é unha homenaxe a todas as persoas que traballaron na antiga mina, así

como aos lugares expropiados no século XX para permitir a construción da explotación mineira.

O roteiro pode facerse tanto a pé como en bicicleta e conta con área de descanso, marquesinas e paneis informativos habilitados polo Concello das Pontes. Ademais, durante o percorrido tamén se pode visitar un observatorio de aves para contemplar a biodiversidade da contorna.



Elena López, concelleira de Turismo, na praia do lago.

Industria

As Pontes será un punto de referencia para xerar e almacenar enerxía

O ALCALDE DO MUNICIPIO, VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, PRESENTOU NO FORO "INVEST IN CITIES" O PROXECTO DE ATRAER ENERXÍAS LIMPAS NO PROCESO DE REINVENCIÓN ENERXÉTICA

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, participou no foro empresarial "Invest in Cities", onde puxo de manifesto as capacidades do municipio para atraer investimento no ámbito das enerxías limpas. Dito foro é unha iniciativa posta en marcha polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para promover a inversión, apoiar o desenvolvemento económico e ofrecer solucións de financiamento e dixitalización dos territorios.

Así, o rexedor sinalou durante a súa exposición que "As Pontes é un exemplo de reinvención, pasando dun modelo agrícola a un modelo absolutamente industrial nos anos 70 e hoxe a un modelo diversificado. É un enclave basicamente enerxético, cunha gran capacidade de almacenamento de auga, vencellado ao sector forestal, conectado por autovía pola meseta e próximo ao porto exterior de Ferrol. Ademais formamos parte do proceso de descarbonización o que permitirá dispoñer dos fondos euro-



O alcalde das Pontes participando telematicamente no foro "Invest in Cities".

peos para a transición enerxética".

"Estamos nun proceso de reinvención no ámbito enerxético, e As Pontes será o punto de referencia de almacenaxe e xeración enerxética con diversas tecnoloxías, esperando que os proxectos que están sobre a mesa se materialicen" concluíu o alcalde.

No foro tamén participou representando ao municipio Ana Pena, concelleira de Em-

prego e Industria do Concello das Pontes. Pena destacou a historia industrial do municipio. "O noso coñecemento e experiencias; as infraestruturas, o carácter emprendedor da cidadanía pontesa son un legado da nosa tradición mineira. Temos talento e recursos para abordar o futuro", afirmou a edil.

Unha localización privilexiada
Este foro contou tamén coa

participación de Antonio Fontenla, presidente da Confederación de Empresarios da Coruña, quen destacou que a "descarbonización abriu un novo escenario para o Concello das Pontes que supón unha enorme oportunidade, xa que o municipio ten grandes fortalezas, a súa enorme experiencia en actividades industriais ou a súa localización privilexiada no espazo único que han de constituír A Coruña, a

súa área de influencia e Ferrol".

Este foro formou parte da participación das Pontes de García Rodríguez na iniciativa de atracción de investimento "Invest in Cities", impulsada polo consultora Grupo PGS e CEPYME, cuxa directora puxo en valor o potencial do municipio.

"As Pontes ten chan a prezo competitivo e unha rede de comunicacións moderna e eficaz, cunha óptima conexión co porto exterior ferrolán. Que ninguén teña dúbidas: o asentamento de industria nas Pontes que requira unha achega extraordinaria de recursos enerxéticos é viable. As Pontes reúne como poucos municipios de Galicia as condicións para asentar un gran proxecto empresarial", recalcou.

No evento dixital destacou tamén a importancia dos recursos forestais das Pontes, que poderán aumentar a competitividade e crear emprego. Asemade, tamén se celebrou unha mesa redonda baixo o título "Enerxías renovables e almacenamento". A propósito desta mesa redonda, os representantes de Endesa, Iberdrola, Naturgy e EDP Enerxía apostaron polo potencial de Galicia e As Pontes neste ámbito.

Ademais, as PEMES tanto das Pontes como da comarca puideron poñerse ao día respecto aos incentivos público-privados para o desenvolvemento empresarial e sobre as vías alternativas de financiamento.

As Pontes

O goberno local e Seara reúnen para dinamizar o tecido empresarial

A concelleira de Industria de As Pontes, Ana Pena, e o presidente da Asociación de Empresarios Seara, José Castro, mantiveron unha reunión na que abordaron diversas cuestións relacionadas coa situación industrial da vila.

Ademais, valoraron as actividades levadas a cabo, durante o último ano, orientadas a promover o tecido empresarial local.

Neste encontro, os representantes de ambas institucións tamén planificaron, entre outras



cuestións, as liñas de traballo que, de forma conxunta, se porán en marcha, durante o próximo ano, no ámbito da formación, o emprendemento e a consolidación de novos proxectos locais.

Ana Pena, subliñou a importancia deste encontro, que "amosa a constante colaboración do Concello con Seara e que amosa o compromiso do goberno municipal co tecido empresarial do municipio, promovendo e apoiando as actividades postas en marcha por esta asociación a favor da economía local, a dinamización e a unión empresarial, a favor do fomento da cultura emprendedora".

Patrimonio



Traballos no Castelo de Andrade.



Tarefas de mantemento no Castelo de Andrade eumés

O CONCELLO DE PONTEDEUME LEVA ANOS REALIZANDO MELLORAS NESTE SÍMBOLO DA VILA, QUE RECIBIU MÁIS DE 6.000 VISITANTES NAS ÚLTIMAS TEMPADAS DE VERÁN E SEMANA SANTA

O Concello de Pontedeume informa aos seus veciños e veciñas do comezo das tarefas de mantemento e conservación do Castelo de Andrade, co obxectivo de que estén rematadas para o verán.

En concreto, xa comezaron as operacións de retirada da vexetación existente nos muros de todo o conxunto, unhas tarefas previas ao seu posterior tratamento. Haberá tamén traballos de mantemento e mello-

ra da seguridade das escaleiras de acceso, tanto exteriores e interiores.

O Castelo de Andrade, que data do século XIV, constitúe todo un símbolo da memoria histórica da vila de Pontedeume, que se ve reflexado nos máis de 6.000 visitantes que foron recibidos durante as últimas tempadas de verán e Semana Santa, ou na realización de actividades como as visitas guiadas celebradas con entida-

des escolares durante as últimas semanas.

A esta acción de mellora da conservación do propio edificio únense as realizadas nos últimos cinco anos de promoción turística, como a instalación de mesas interpretativas, a elaboración de material informativo turístico e a sinalización de roteiros peonís, ademais da organización das andainas que se estiveron a realizar durante os últimos meses

cunha gran afluencia de participantes.

O Castelo de Andrade foi o primeiro monumento da provincia da Coruña que recibiu o recoñecemento de Monumento Nacional no ano 1924. En 1949 foi protexido por decreto e en 1985 polo Patrimonio Histórico. Un lugar estratéxico que servía para dominar boa parte do Valle do Eume e os seus fragas e case toda a comarca de Pontedeume.

Camiño Inglés

Credenciais dixitais

■ O Concello de Pontedeume e a Oficina de Turismo xa se atopan adheridos aos puntos de expedición de selos virtuais para as credenciais dixitais das peregrinas e peregrinos que realizan o Camiño Inglés. Dentro das iniciativas de impulso ao Xacobeo 2021, e co obxecto de aumentar a seguridade dos diferentes Camiños de Santiago, as persoas que realicen a ruta xacobeá poderán utilizar a aplicación de móbil oficial 'Credencial do Peregrino' e realizar o selado de maneira telemática a través de códigos QR nos puntos de expedición de selos virtuais, que substitúen á credencial en formato papel. Desde o Concello de Pontedeume anímase a todos os establecementos que realizan o selado de credenciais a ofrecer este servizo para a dar de alta o seu selo e obter o seu propio código QR.

Pontedeume

Novas pistas de pádel e baloncesto 3x3

O alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández, e o concelleiro de Deportes, Joshua Dopico, inauguraron as novas pistas deportivas de pádel e de baloncesto 3x3 que veñen de instalarse no municipio.

O acto contou tamén coa asistencia do presidente do Club Baloncesto Pontumio, que descubriu, xunto co al-

calde, unha placa co nome do clube na pista de baloncesto, como homenaxe aos case 30 anos de historia da entidade.

Tamén se deron cita no acto outros representantes do baloncesto eumés das últimas décadas, aos que o presidente quixo agradecer a súa participación na creación, desenvolvemento e crecemento do club.



Inauguración das pistas.

Innovación



Reunión entre o Concello de Cabanas e o Cluster "Smart Village".

Cabanas aposta por ser unha "vila intelixente"

SOSTIBLE, EFICIENTE E CONFORTABLE DEFINEN ESTE TIPO DE VILAS

Cabanas avanza no seu camiño para converterse nunha "Smart Village". Nas últimas semanas, o alcalde do municipio, Carlos Ladra e o tenente alcalde asinaron co presidente do Clúster Smart City, Mariano Barroso, un acordo de colaboración coa entidade para promover actuacións que posibiliten avanzar no seu tratamento como vila intelixente. Este concepto de vila busca municipios máis eficientes, sostibles e confortables para a súa veciñanza.

O convenio recolle como base de traballo conxunto a definición de políticas e actuacións de interese na contorna de Smart Village, así como a planificación de estratexias de desenvolvemento futuro para o concello. A iniciativa contempla aportacións non só do

propio clúster, senón tamén o coñecemento e innovación xerado polas empresas e centros tecnolóxicos españois asociados ao mesmo.

Áreas de actuación do acordo

Así mesmo, o acordo contempla accións que perseguen mellorar a calidade de vida da veciñanza, impulsar medidas de preservación do medio ambiente e da contorna, e, sobre todo, posicionar Cabanas como destino turístico competitivo e sostible. Con isto, o concello poderá, ademais, revitalizar a economía local e desenvolver accións de innovación social, comezando por establecer unha estratexia como municipio intelixente, co apoio do clúster.

Dende o goberno local su-

bliñan que este acordo supón "avanzar na aplicación de solucións de Smart Village no noso concello para mellorar a eficiencia dos servizos municipais e a vida da veciñanza de Cabanas, ao tempo que permite compartir coñecemento a partir da experiencia previa doutros municipios e acceder a programas piloto de innovación tecnolóxica".

Pola súa parte, Mariano Barroso destacou o impacto económico que ten nas localidades a aplicación de solucións de Smart City. O presidente do cluster subliñou non só o aforro de custes ás arcas municipais, senón tamén o impacto destas medidas como xeradoras de emprego e oportunidades de negocio para o tecido empresarial local.

Cabanas

Avanzan os traballos de acondicionamento no Paseo da Madalena

O Paseo da Madalena leva varias semanas inmerso nun proceso de obras de acondicionamento e mellora da súa accesibilidade. Os traballos, impulsados polo goberno local, están executar arranxos coa recolocación de baldosas, a eliminación de cepas de piñeiros e a instalación dunha rampa para facilitar a accesibilidade.

En concreto, foron eliminadas 11 cepas de grandes dimensións de árbores que foran talladas con anterioridade e as súas raíces, que estaban a levantar baldosas do paseo. Ademais, creouse unha rampa no extremo norte para facilitar a accesibilidade nesa zona do paseo. Doutra banda, pegáronse un gran número de baldosas soltas e que ocasionaban un problema de seguri-

dade para os peóns.

"Os traballos de reparación seguirán avanzando no Paseo co persoal propio que se contratará cando se resolva o proceso selectivo do PEL, onde o Concello contemplou a contratación de dous albañeiros", sinalou a concelleira de infraestruturas e accesibilidade, Concepción Rodríguez.

Estas actuacións de mantemento estanse a realizar en base a un estudo encargado polo goberno local, co fin de avaliar o estado do Pinar da Madalena. Nese mesmo análise, os expertos determinaron as accións que se deberían realizar co obxectivo de conservar un dos espazos máis emblemáticos de Cabanas.



Unha das renovadas zonas do paseo da Madalena.

Avespa asiática

Fin da campaña contra a velutina en Cabanas con 697 capturas

O Concello de Cabanas, a través da área de servizos, vén de completar a campaña de trampeo primaveral contra a avespa asiática cun total de 697 raíñas capturadas nas 60 trampas instaladas polo Concello noutros tantos puntos das sete parroquias do termo municipal, unha campaña exitosa que se desenvolve desde o

2016.

Estes resultados foron analizados pola bióloga e colaboradora do Concello de Cabanas nas campañas de trampeo, Eva Pico, quen concluíu que se trata dunha cifra moi positiva, ao conseguir reducir a un terzo o número de raíñas con respecto á campaña do ano anterior.

Desde a área de servizos faise un chamamento á veciñanza destas zonas a colaborar na loita contra a vespa velutina, intensificando a vixilancia e tamén o trampeo.

O Concello recorda que á hora de detectar un niño de velutina, cómpre chamar ao 012 para informar das súas características ás autoridades.

Acondicionamento

Labores de roza nas vías de Cabanas

O Concello de Cabanas realizou recentemente traballos de roza lateral en 28 quilómetros de vías municipais, a través do reforzo mediante a contratación dun tractor adicional.

"Este reforzo estímase necesario para poder realizar con maior celeridade os traballos e manter o estado dos

camiños, nunha época do ano na o incremento da humidade e temperatura favorecen o crecemento da vexetación", sinalou Eva García, concelleira responsable da área.

"Grazas a este apoio externo, poderemos avanzar simultaneamente en máis camiños do termo municipal", concluíu a edil.

Visitas

A oficina de turismo de Monfero recibe aos primeiros visitantes



O mosteiro de Monfero acolle visitantes dende principios de xuño.

O PUNTO DE INFORMACIÓN INFORMA SOBRE OS PUNTOS DE INTERESE DA ZONA ASÍ COMO SOBRE O MOSTEIRO

O Concello de Monfero inaugurou o 1 de xuño a oficina de atención ao turista ubicada no mosteiro de Santa María de Monfero. Como é habitual nesta época do ano, este punto de información ofrece aos visitantes o servizo coincidindo co inicio da tempada de verán.

Concretamente, a oficina permanecerá aberta ata o 20 de novembro. Deste modo, todas aquelas persoas que desexen visitar o Mosteiro de Monfero, poderán facelo de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, de

mércores a domingo. O primeiro domingo de mes estará pechada, polo que abrirá o primeiro martes.

De acordo coas actuais medidas sanitarias, o uso da máscara é obrigatorio no interior do monumento, así como manter a distancia de seguridade. A oficina de turismo non só ofrece información sobre o mosteiro, senón sobre todos os enclaves naturais, patrimoniais, culturais e de interese no concello, como son as Fragas do Eume.

A riqueza do Mosteiro

O templo, situado na parroquia de San Fiz de Monfero – a uns 21 quilómetros de Pontedeume, foi fundado a principios do século XII polo rei Alfonso VII. A súa estrutura renovouse completamente no século XVII, polo que predomina

na nel un coidado estilo barroco.

Destaca o seu fronte de axedrez, feito con granito e loseta, que lle outorga un estilo único e o converte nun dos templos máis especiais de Galicia. Ademais, catro enormes columnas presiden a fachada do templo, dándolle un marcado carácter ascensional. Malia que só conta cunha torre, os expertos aseguran que na planificación do templo estaba contemplada a construción doutra idéntica.

O mosteiro acolle unha Igrexa, sala capitular, capelas laterais, baptisterio e tres claustros: Hospedería, Procesional e Dormitorio. No interior da igrexa atópanse ademais unha serie de sepulcros monumentais góticos de gran expresividade que pertencen a distintos membros da familia dos Andrade.

Turismo



A contorna, o patrimonio e a gastronomía protagonizan a web.

Cabanas estrea web de turismo para mostrar os seus atractivos

O Concello de Cabanas, a través da área de turismo, vén de presentar a súa nova web con información turística, unha porta de acceso aberta a todas as persoas que queiran atopar información sobre a localidade. Nela, Cabanas fai un chamamento a coñecer “o máis salvaxe da Fraga e a tranquilidade da nosa costa”.

O novo espazo web, accesible desde cabanaturismo.gal, reorganiza os seus contidos para poñer o foco nas alternativas que Cabanas ofrece a locais e visitantes que desexen afondar no coñecemento do territorio, poñendo en valor o lado máis salvaxe das Fragas do Eume e a tranquilidade das tres praias, incluíndo a praia canina, un atractivo adicional para o turismo pet friendly.

O patrimonio tamén gaña protagonismo na nova páxina

web, incluíndo como principal novidade as referencias da Cabanas indiana e un apartado adicado a “que facer” con plans para coñecer o concello paso a paso, percorrendo os diversos roteiros dispoñibles, como o sendeiro da costa, que recentemente foi rehabilitado e resulta apto para todos os públicos.

A páxina complétase con referencias a lugares onde aloxarse ou nos que que xantar, así como outra información de carácter práctico para facilitar ás visitantes a súa viaxe e estancia en Cabanas.

“A renovación da web supón poñer en valor o patrimonio natural, arquitectónico e inmaterial de Cabanas e facilitar o acceso á información desde todo tipo de dispositivos”, sinlan dende o goberno local.

Cultura

Exposición Filatélica en Pontedeume sobre o Camiño Inglés

O Concello de Pontedeume inaugurou a exposición filatélica “Pontedeume e A Coruña, dúas etapas no Camiño Inglés”. O acto de presentación contou coa presenza de Antonio Leira, presidente da Sociedade Filatélica Eume; Jose Luis Rey Barreiro,

presidente da Sociedade Filatélica de A Coruña; Antonio Leira, en representación da Deputación da Coruña e o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández Piñeiro.

No acto presentáronse as dúas series de selos editados con mo-



tivo da exposición e dos 750 anos da fundación de Pontedeume, os cales distribúense desde librerías, estancos e kioscos de

maneira gratuíta entre as persoas interesadas. Ademais, o mataselos conmemorativo está dispoñible na Oficina de Correos.

A exposición, que permanecerá aberta ata o 17 de xuño en horario de 18:00 a 20:00 no Convento dos Agostiños.

O presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol, Ángel Mato, pechou onte á tarde a presentación do organismo na Feria Internacional de Turismo (Fitur) que se está a celebrar en Madrid. Participaron tamén a alcaldesa de Narón, Marián Ferreiro; o alcalde de Cedeira, Pablo Moreda; o de Valdoviño, Alberto González e o vicepresidente da Deputación, Xosé Regueira.

Na súa intervención, Mato destacou que este ano a Mancomunidade “redobrou a súa aposta polo turismo ligado á natureza e á cultura local”. Co apoio económico da Deputación e da Xunta, dixo, desde a entidade “puxéronse en marcha diferentes programas que van máis alo do seu ámbito territorial”. Os produtos turísticos que xestiona “alcanzan a un total de 21 municipios das tres comarcas do norte da provincia coruñesa”.

Pola súa banda, Marián Ferreiro incidiu na importancia desta convocatoria “como elemento dinamizador do sector turístico e de recuperación económica desta actividade, tamén moi afectada no último ano pola situación sanitaria”. Así mesmo, destacou que este evento representa “todo un escaparate para poder mostrar a riqueza natural, patrimonial e cultural, e en definitiva todo o potencial que ofrecen os concellos da comarca”.

O xeodestino Ferrolterra-Rías Altas exhibe a súa oferta de turismo sostible



Os alcaldes de Cedeira, Ferrol, Valdoviño e a alcaldesa de Narón estiveron presentes no acto

Dentro desa ampla zona destacou varios espazos naturais protexidos, “como os lugares de interese comunitario da costa ártabra, Ortigueira-Mera e Estaca de Bares, todos nunha franxa litoral que pasa de espléndidas praias de mar aberto ata acantilados que alcanzan as maiores altitudes da Europa continental”.

No caso do turismo de natureza, o presidente da Mancomunidade, Ángel Mato, referiuse ao parque natural das Fragas do Eume e á riqueza xeolóxica de Cabo Ortegal, que “motivou a posta en marcha dunha candidatura para lograr o seu recoñecemento como xeparque mundial por parte da Unesco”.

Por todo elo, lembrou Mato, o xeodestino Ferrolterra-Rías Altas mantén tres produtos turísticos en torno ao patrimonio natural e cultural da zona: o Turismo Slow, o surf baixo a marca Costa das Ondas e o camiño de San Andrés de Teixido.

O Camiño Inglés: “un roteiro histórico, auténtico e singular”

Un roteiro histórico, auténtico e singular pero non tan coñecido que, grazas a iso, non sofre a masificación doutros destinos. Isto permítelle ao peregrino gozar case de forma privada de paisaxes marabillosas e camiños auténticos”. Con estas palabras do presidente da Asociación de Municipios do Camiño Inglés, Manuel Mirás Franqueira, presentaba o Camiño Inglés na Feira Internacional de Turismo FITUR 2021.

Manuel Mirás sinalou que “se algo nos ensinou esta pandemia sanitaria é que a xente está desexosa de camiñar, de entrar en contacto coa natureza e descubri-lo todo. E que, ás veces, o máis fermoso e descoñecido témolos á porta das nosas casas”. Neste sentido, in-

sistiu en que “o valor do Camiño Inglés traspasa as nosas fronteiras. As súas orixes atopámonos na Abadía de Finchale, no norte de Inglaterra. Un camiño por terra cara aos portos do sur que se está recuperando grazas ao inestimable apoio da Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e asociacións locais”.

Como valor singular do Camiño Inglés, Mirás sinalou “a peregrinación por mar a Compostela, que non existe en ningunha das outras roteiros xacobeos. Desde as illas británicas chégase aos portos da Coruña ou Ferrol, desde onde se inicia unha última peregrinación por terra ata Santiago”. “É curioso porque, se o pensan ben, o emblema dos peregrinos é de orixe maríti-



ma: a cuncha de vieira, que é unha metáfora do renacer e das boas obras. Con todo, o mar non é protagonista en ningunha outro roteiro xacobeo, só no Camiño Inglés”, concluíu Mirás Franqueira.

Na Asociación de Municipios do Camiño Inglés -A Coruña, Abegondo, Betanzos, Cabanas, Carral, Fene, Ferrol, Mesía, Miño, Narón, Neda, Ordes, Oroso, Paderne, Pon-

tedeume y Santiago de Compostela.- contan con documentación que demostra que durante a Idade Media este roteiro xacobeo rivalizou en número de peregrinos co Camiño Francés. “Peregrinos que preferían arriscarse a facer unha viaxe por mar de entre 2 e 4 semanas, no canto dun camiño de 1 ou 2 anos por terra”, apuntou Manuel Mirás.

A chamada do Camiño Inglés

Durante o acto tivo lugar a presentación dun vídeo promocional do Camiño Inglés elaborado por Francisco Nadal, xornalista especializado en viaxes, que narrou a súa experiencia como peregrino por este roteiro xacobeo: “o que descubrín é un camiño como o que me atopei a primeira vez que fixen o Camiño Francés en 1993”.

O deputado provincial, Antonio Leira, puxo en valor o traballo de promoción do Camiño Inglés en Inglaterra que están a realizar a Deputación da Coruña e a Asociación de Municipios do Camiño Inglés. Un traballo que “non produce efectos económicos inmediatos pero reforza os lazos históricos e culturais entre dous países amigos”. Unha colaboración que se concretará en futuras viaxes de familiarización con axencias de viaxe británicas na provincia. “O obxectivo é traer ás diferentes entidades coas que xa colabora a Deputación en Reino Unido (universidades, asociacións, xestoras de turismo, etc.) para mostrarlles o Camiño Inglés”, destacou Leira.

Municipal

O pleno de Narón aproba investimentos por valor de 7,4 millóns de euros

Narón aprobou no pleno de finais de mes o expediente de modificación de crédito que permitirá realizar na cidade investimentos por un importe conxunto de 7,4 millóns de euros. A través desta contía procedente dos remanentes de Tesourería continuarase avanzando na accesibilidade da cidade e tamén na implantación da tecnoloxía led, na mellora de viais e ofreceranse novos servizos á veciñanza.

A sesión plenaria celebrouse esta tarde, a partir das 19.00 horas, de xeito presencial no Concello. A rexedora local incidiu en que “é a primeira vez na historia deste Concello que aprobamos este investimento de 7,4 millóns de euros nun expediente único”, subliñando que “mantemos a liña de mellorar e ampliar servizos á cidadanía para seguir deseñando o modelo de cidade que queremos para Narón e, ao mesmo tempo, contribuímos á reactivación da economía”.

A alcaldesa destacou que tamén se reserva unha importante partida “para continuar prestando atención ás familias máis vulnerables da nosa cidade” e finalmente agradeceu “a sensibilidade do BNG por construír e aportar respaldando a aprobación deste documento”. Unha das actuacións de maior investimento será a humanización do barrio da



O pleno celebrouse de forma presencial.

Solaina, para a que se reserva unha partida de 718.976 euros.

A maiores, tamén se destinarán 501.566 euros á segunda fase da senda que se habilitará entre a avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde de Fenosa, construírse unha piscina no Couto orzamentada en 532.763 euros, e levaranse a cabo dous novos proxectos como a cuberta do parque infantil 23 de Novembro e a renovación do espazo -243.934- e a habilitación dunha zona de xogos de auga en Xuvia -215.901-. A adquisición do muíño das Aceas -220.000-, a habilitación de estacionamentos de proximidade na Gándara e Piñeiros -215.973- e, na área de Deportes, o reacondicionamento do campo de tiro con arco

-239.000-, a renovación do céspede artificial do campo de fútbol do Cadaval -189.711- e a habilitación dunha pista de lanzamentos no estadio de Río Seco -76.498-, enmárcanse tamén nesta partida.

As infraestruturas viarias serán tamén obxecto de importantes melloras, con unha partida de 900.678 euros para reparar pavimentos e reforzar a rodadura en camiños da zona rural; outra de 597.427 euros para mantemento de servizos de seguridade viaria na zona urbana, en varios viais, a urbanización do camiño Peregrino -207.059 euros- e a construción de dúas rúas de nova apertura, unha entre a Celso Emilio Ferreiro e a avenida Cataluña -104.883- e outra perpendicular á rúa San Carlos -75.368-.

Servizos



O goberno local quere recuperar o inmoble, paralizado en 2010.

Cariño prepárase para poder executar as obras de reforma do Centro de Día

O Concello de Cariño acaba de adxudicar por 25.700 euros a redacción do proxecto de finalización do Centro de Día, que será o paso previo á execución das obras para que poida entrar dunha vez por todas en funcionamento.

Para o seu financiamento o goberno local fará uso de parte do aval de preto de 60.000 euros incautado á empresa adxudicataria que, por entrar en concurso de acredores, deixou paradas as obras no ano 2010.

O proxecto de finalización deberá incluír as características técnicas e normativas para a posterior execución das obras e a apertura das instalacións, os danos acumulados durante estes 11 anos desde que se parou a obra e tamén a actualización dos prezos. O compromiso adquirido polo

alcalde de Cariño, Miguel Alonso coa Consellería de Política Social para reactivar as obras de finalización do Centro de Día e da finalización das partes comúns da Residencia. Consistía na firma dun convenio polo que o Concello encargábase da redacción do proxecto de finalización e o ente autonómico achegará 150.000 euros para a súa execución, distribuídos en dous anos.

Ademais, o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, expresou a súa predisposición para colaborar coa Xunta de Galicia e o Concello de Cariño. Paralelamente, están practicamente finalizados os traballos de acondicionamento do edificio do Centro de Día, unhas obras que contaron cun orzamento de 18.272 euros.

Dotacións

A praia do Coído gañará un cento de prazas de aparcamento

A praia do Coído, situada en Limodre, é un dos areais máis concorridos de Fene por ser tamén o de maior extensión dos catro que hai na ribeira desta parroquia, aínda que quede algo escaso coa marea alta.

Ademais tamén é dos mellores para o baño tal e como indican os datos da Consellería de Sanidade, que cualifican a calidade das súas augas -e tamén as das outras tres praias- como excelentes. Porén, o Coído ten un proble-

ma: case non hai sitio para aparcarse, a non ser na beira da estrada. Por sorte este inconveniente vai camiño de amañarse de cara a este verán despois de que a Concellaría de Urbanismo conseguise a cesión dun terreo que porá a disposición dos e das bañistas 2.116 m² de estacionamento preto do acceso principal.

O acordo alcanzado co titular do terreo ten a mesma finalidade que os asinados recentemente na zona urba-

na, de cara a dispoñer de zonas de aparcamento disuasorio que, neste caso concreto, tamén evitará o amoreamento de vehículos durante o verán na estrada que discorre paralela ás praias de Río Sandeu, o Coído e Almieiras.

A primeira e maila última teñen espazos próximos nos que deixar o coche, pero na do Coído non hai esa posibilidade, a non ser que se aparcue nas punetas -anchas abondo, por sorte- ou nas boqueiras das fincas. Agora,



A praia do Coído é unha das que máis visitas reciben durante o verán.

co convenio que se suscribirá nestes días, disporase de algo máis de 2.000 metros cadrados a escasos 50 metros

da baixada á praia, que terán capacidade para o estacionamento de aproximadamente un cento de vehículos.

Municipal

Valdoviño traslada á Xunta as súas demandas do 'Pacto por Ferrol'

O ALCALDE, ALBERTO GONZÁLEZ, PARTICIPOU NO ENCONTRO DE REXEDORES CELEBRADO ONTE CO CONSELLEIRO DE ECONOMÍA

Tras analizar o primeiro documento presentado pola Xunta coas medidas incluídas no Pacto de Estado por Ferrol, o Concello de Valdoviño trasladou as súas primeiras valoracións e medidas. Facíao no marco do encontro celebrado entre o conselleiro de Economía, Francisco Conde, e os alcaldes das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, entre eles o de Valdoviño, Alberto González.

Entre as medidas defendidas por Valdoviño, Alberto González subliñou que este primeiro documento do Pacto xa remarca a zona de As Boeiras como chan industrial, tal e como solicitaba o Concello, e o que permitiría o asentamento de novas empresas.

Así mesmo, contempla, nas políticas de diversificación, a posta en marcha do centro de alto rendemento do surf no que traballa o Concello de Valdoviño dende hai tempo en colaboración coa Federación Española de Surfing e Federación Galega de Surf. Un proxecto para



Alberto González trasladou ao conselleiro Francisco Conde as demandas do Concello de Valdoviño.

o que xa contamos cos terreos ao pé da Frouxeira, e o apoio e interese da Secretaría Xeral de Deporte da Xunta.

Ademais, e conscientes de que o turismo é e debe continuar sendo unha das fortalezas do territorio, o Concello de Valdoviño reivindica o apoio da Xunta para a declaración de Xeoparque do Cabo Ortegal por parte da UNESCO, unha figura análoga á de Patrimonio da Humanidade, pero que a diferenza desta implica directamente o desenvolvemento

local do territorio. Tamén o respaldo autonómico para a consecución dun plan de sostibilidade turística en destino. Así mesmo, Alberto González reclamou tamén un impulso decidido do Camiño a San Andrés, que contemple a redacción dun plan de actuación no núcleo de Porto do Cabo por parte do Instituto de Estudos do Territorio.

A construción dun IES que inclúa un FP básico é outra das demandas trasladadas polo Concello, así como a mellora e

ampliación dos centros de atención primaria, no capítulo sanitario, que no caso de Valdoviño requiriría a atención de urxencias médicas e a atención sanitaria polas tardes, favorecendo a conciliación. Sen abandonar o ámbito social, Valdoviño tamén defende a ampliación dos centros sociocomunitarios, como o local, aumentando a capacidade e servizos, así como a transformación do Punto de Atención á Infancia nunha Escola Infantil, abrindo a porta ao aumento de prazas.

Urbanismo

Unha senda peonil e ciclista unirá os paseos de Xubia e Freixeiro

O Concello de Narón anunciou a licitación do proxecto para a construción dunha senda peonil e ciclista paralela ao río Freixeiro, entre a rúa Conde de Fenosa e o camiño da represa do muíño de As Aceas, no entorno da ría de Ferrol, que permitirá conectar os paseos de Freixeiro e Xuvia".

O investimento previsto para esta actuación ascende a 792.366 euros, cofinanciables nun 80% polo fondos FEDER, recordou a alcaldesa, Marián Ferreiro. Así mesmo, destacou "o importante esforzo inversor e as xestións realizadas dende o Concello para dispoñer dos terreos necesarios para construír esta senda, que cohesionará os barrios de Xuvia, Piñeiros e Freixeiro e incrementará considerablemente os espazos de ocio e lecer da cidade".

O trazado da senda, tal e como figura no proxecto, discurrirá paralelo ao río Freixeiro, dende o Camiño da Veiga ata enlazar coa estrada de Castela á altura do colexio de Piñeiros. Dende alí discurriría de novo cara á desembocadura do río ata enlazar coa zona do muíño de As Aceas. A superficie total da actuación é de 22.000 metros cadrados.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño



Deputación
DA CORUÑA

VOLVEMOS

A Deputación apoia con 9 millóns de euros a hostalaría e as axencias de viaxes.

- ▶ Axudas directas de 1.500€
- ▶ Persoas autónomas e microempresas
- ▶ Concellos de menos de 50.000 habitantes
- ▶ **Aberto o prazo desde o 3 de maio**

PEL Plan de
Emprego
Local

emprego.dacoruna.gal



Orzamento

Cedeira suma outros 530.000 euros para investimentos

O GOBERNO LOCAL VÉN DE APROBAR UNHA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PROCEDENTE DO REMANENTE DE 2020 QUE REDUNDARÁ NUNHA VINTENA DE NOVOS PROXECTOS

O pleno da corporación cedeirana aprobou na súa reunión ordinaria deste mes, cos votos a favor do grupo de goberno e a abstención do resto, a proposta da Alcaldía para incorporar remanentes do ano 2020 ao orzamento de 2021 a través dunha modificación de crédito. A operación permite sumar 531.646,04 euros ao capítulo de investimentos do actual exercicio e habilitar partidas para acometer 21 actuacións. Tal como explicou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, “as contas do Concello están saneadas, e isto permítenos afrontar máis proxectos, tanto reparacións e obras que son urxentes, como comprar equipamentos que mellorarán os servizos municipais en diferentes eidos”.

Entre as 21 actuacións que vai acometer o Concello de Cedeira con cargo a estes remanentes de tesourería procedentes das contas do ano anterior está a adquisición dun tractor con brazo desbrozador por valor de 100.000 euros, que se vai



Os proxectos están destinados tanto á zona urbana como ao entorno rural

incorporar ao equipamento municipal e que facilitará a realización de tarefas de limpeza nas zonas rurais do municipio. No capítulo de maquinaria incluíuse tamén a compra dunha deshumectadora (32.382,17 euros).

Poderá tamén acometer o goberno municipal varios investimentos para a mellora da Escola Infantil da Galiña Azul de Cedeira. Así, está previsto pintar a fachada, reparar a súa cuberta e cambiar as ventás (cun gasto total de 61.858,4 euros). No capítulo de instalacións deportivas, hai diversas partidas que suman un total de

156.924 euros e que servirán para realizar melloras na pista deportiva da Carballa, crear unha instalación de vía ferrata para a práctica da escalada, realizar varias intervencións nas pistas de pádel e facer reparacións no polideportivo municipal.

Os fondos financiarán tamén novo mobiliario urbano e marquesinas (partida de 23.435,70 euros), melloras en beirarrúas e pistas (15.000 euros), unha obra de pavimentación e nova rede de pluviais paseo arriba da Ponte (26.347,75 euros), a segunda fase do saneamento da rúa Amor Hermoso (34.471,47

euros) e dúas obras de arranxo en camiños veciñais, concretamente na pista Ponte de Reboledo (10.769 euros) e na dos Sedeás (14.435,60 euros).

A estas actuacións súmanse unha partida para unha expropiación na rúa Cerdido (30.121,28 euros) e outra para a adquisición de camas xerátricas (10.000 euros).

Tras a aprobación da modificación de créditos por parte do pleno, a resolución ten que ser publicada no Boletín Oficial da Provincia e ser sometida ao período de exposición pública, para a posterior aprobación definitiva.

Máis axudas

Novas subvencións para entidades deportivas e culturais

■ O Concello de Cedeira tamén abriu este mes de maio o prazo de solicitude dunha nova convocatoria de axudas para entidades e asociacións deportivas do municipio, que como en anteriores edicións conta cun apartado para actividades, dotado con 30.000 euros, e outro para investimentos, con 6.000 euros. “O goberno local está ao lado dos clubs para fomentar o deporte base, porque representa unha escola de hábitos saudables, de valores, de convivencia... e tamén apostamos polo deporte federado e celebramos o crecemento e os éxitos dos nosos e as nosas deportistas”, dixo o alcalde. Tamén está en marcha unha nova convocatoria de subvencións para as entidades e asociacións socioculturais da vila, tanto no apartado de actividades como de investimentos, dotada en total con 36.000 euros. Despois da de 2020, un tanto mermada en solicitudes por mor das limitacións que impuxo a pandemia, o alcalde, Pablo Moreda, expresou a confianza do goberno local en que este 2021 sexa un ano de paulatina recuperación do ritmo habitual e que as entidades se animen a retomar iniciativas que quedaran en suspenso “e que son, todas, moi importantes para dinamizar a vida social e cultural de Cedeira”.

Ocio

Cursos de iniciación ao surf en Ortigueira

O Concello de Ortigueira organiza catro cursos de iniciación ao surf para os meses de xuño e xullo. Un deles estará dirixido a adultos e os outros tres a menores de idade de entre 10 e 17 anos.

A praia de San Antonio, en Espasante, acollerá os talleres deportivos. As clases dirixidas a persoas maiores de idade terán lugar as fins de semana do mes de xuño, do mesmo xeito que o primeiro curso dirixido aos mozos de entre 10 e 17 anos.

Os outros dous cursos para menores destas idades serán

un a semana do 28 de xuño ao 2 de xullo e outro a semana do 5 ao 9 de xullo. Os materiais necesarios para poder practicar surf serán achegados nas actividades, cuxos horarios aínda están por determinar.

O período de inscrición para o curso de adultos e o primeiro de menores pechácese o 3 de xuño, para o segundo de menores o 24 de xuño e para o terceiro o 1 de xullo. As prazas son limitadas e os talleres contarán coas medidas necesarias ante a COVID-19.

Patrimonio

Dous pescadores de Mugardos atopan unha ánfora de 400 anos

Dous irmáns de pescadores de Mugardos, Juan Santiago e Luís Alonso Cudilleiro, atoparon unha anforeta de Indias na ría de Ferrol. Estas anforetas empezaron a usarse na Idade Media, cun comercio moi intenso nos séculos XVII e XVIII.

Os pescadores trasladaron este obxecto ao Concello, quen se puxo en contacto coa Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Tras falar co xefe do servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, o Concello enviou a peza ao Centro de Interpretación de Caldoval, onde está a



recibir tratamento con auga doce, á espera da súa catalogación.

Desde o Concello de Mugardos solicitouse á Xunta que a



anforeta manténase no Museo de Caldoval, para que todos veciños poidan gozar desta interesante peza da historia da comarca.

Cultura



Ferrol e Mugardos acolleron as anteriores edicións deste festival

JAZZ DE RÍA

Narón e Neda acollerán o 5º Festival “Jazz de Ría”

A CITA ESTÁ PROGRAMADA PARA O **VENRES 13 E O SÁBADO 14 DE AGOSTO**

O jazz voltará a unir dous concellos da ría. Tras celebrarse en Mugardos e Ferrol, onde o festival sementou durante catro edicións o amor polo jazz entre o público de todas as idades, o Jazz de Ría viaxa nesta 5ª edición á descuberta de novos espazos nos concellos de Narón e Neda.

En só catro edicións o Festival Jazz de Ría conseguiu posicionarse dentro do circuito de festivais de jazz da península, ampliando notablemente o seu público e a súa repercusión mediática cunha proposta singular en canto a espazos e músicas.

Tras celebrarse en Mugardos e Ferrol, onde o festival sementou durante catro edicións o amor polo jazz entre o público de todas as idades, o Jazz de Ría viaxa nesta 5ª edición á descuberta de novos espazos nos concellos de Narón

e Neda para presentar unha programación que volverá apostar pola calidade, a diversidade, a posta en valor do territorio, e o apoio incondicional ás propostas artísticas galegas.

A proposta artística para esta edición 2021 pretende ter como protagonistas aos mellores músicos galegos de jazz, dando ao mesmo tempo ao público a oportunidade de descubrir propostas doutros territorios, fomentando así os encontros de músicos galegos con músicos doutros lugares e creando un espazo para exportar o noso jazz e importar novas ideas das que aprender.

O Festival Jazz de Ría celebrará a súa 5ª edición os días 13 e 14, defendendo unha vez máis a excelente calidade do jazz galego e o valor do territorio como estratexia para converter á comarca de Ferrol nun

lugar de referencia cultural e turística.

O programa comezará o venres 13 de agosto co concerto a partir das 21.30 da Orquestra Galega de Liberación no Parque de Freixeiro. O sábado haberá unha sesión vermuth ás 13.00 horas na Ribeira de San Nicolás de Neda coa actuación de Aló Django.

Pola noite as actuacións volverán á zona naronesa con Lucía Rey Trío a partir das 21.30 horas á que lle seguirá o gran Baldo Martínez e o Cuarteto dá Terra. Todos os concertos serán gratuítos.

Narón e Neda manifestaron a súa vontade de consolidar o festival e convertelo nunha cita musical de referencia, onde podan participar todos os concellos da ría para crear espazos e proxectos culturais que contribúan a facer de Ferrolterra un destino cultural.

Emprego

Os alumnos dos obradoiros Reinicia VII inician as prácticas

Xa iniciaron as prácticas os alumnos que se forman no certificado de profesionalidade de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais” no Obradoiro de Emprego Reinicia VII que desenvolven os Concellos de Ares, Cabanas, Fene, Mugardos e Neda.

O alumnado-traballador incorporouse en prácticas aos Centros de Día de Atención a Persoas Maiores de Ares, Ferrol-Caranza e Ferrol-Esteiro, do Consorcio de Igualdade e Benestar. Terán unha duración de 578 horas, durante máis de catro meses, nos que porán en práctica en entorno real de traballo as competencias profesionais teóricas e teórico-prácticas adquiridas durante os catro meses anteriores, desde o 28.12.2020 no que se iniciou o obradoiro.

Por outra parte, o alumnado-traballador da especialidade de “Traballos de Carpinte-

ría e Moble” do obradoiro xa iniciaron as súas prácticas profesionais desde o mes de marzo. As dez persoas que siguen esta formación están a desenvolver traballos e obras de utilidade pública.

Así, fabricarán e colocarán novas ventás para o Monasterio de Santa Catalina de Ares, farán reparacións no Paseo marítimo de Neda e realizarán novo mobiliario para as dependencias municipais de Fene e de Mugardos.

O obxectivo do programa de obradoiros e mellorar a empregabilidade das persoas participantes, que teñen un contrato de formación e aprendizaxe e que, ao finalizar o período formativo coa obtención do Certificado de Profesionalidade da especialidade realizada, estarán en condicións de incorporarse ao mercado laboral cunha formación e experiencia acreditadas.

Patrimonio

A Deputación recuperará a Casa Aurora de Somozas

O Plan Único da Deputación da Coruña financia a rehabilitación integral do local social da Casa Aurora, no concello das Somozas. O proxecto, cun presuposto de 135.842 euros.

A Casa Aurora é un edificio de tipoloxía indiana, que acollía antigamente unha escola unitaria. As súas fachadas de pedra, a estrutura interior de forxados de madeira e a cu-

berta de lousa presentan hoxe importantes deficiencias que provocan a filtración de auga e o deterioro dos acabados interiores.

Entre as tarefas que se han realizar, repararase a cuberta de lousa, substituíndo as pezas necesarias e repasando a súa impermeabilización co obxectivo de evitar filtracións.

GALIA
VENDING

**LO QUIERES
LO TIENES**

galiavending.com
981 434 605



Medio Ambiente

A FUNDACIÓN ECOPILAS PRESENTOU NO CEIP A MACIÑEIRA ESTE NOVO PROXECTO QUE PERCORRERÁ CORENTA MUNICIPIOS DA PROVINCIA

Neda convértese no epicentro da campaña de reciclaxe “Coruña Recopila”

Neda foi escenario da presentación oficial da campaña de sensibilización e recollida porta a porta “Coruña Recopila”, que impulsa a Fundación Ecopilas en colaboración con 40 municipios da provincia, especialmente os que contan con puntos limpos. O acto, no que tomaron parte o alcalde, Ángel Alvariño; o presidente da fundación, José Pérez e o director do CEIP de Maciñeira, Felipe Vila, tivo lugar neste centro.

Así, tras recibir as indicacións do persoal técnico sobre as vantaxes da reciclaxe, nenos e nenas do centro foron entregando as pilas que previamente trouxeran das súas casas, contribuíndo así a dar unha segunda vida a estes residuos.

“Coidar o medio ambiente e contornas tan bonitas como o que hai aquí en Neda é tarefa de todos, por iso é importante que os xestos de hoxe mantéñanse todo o ano, debe-

des reciclar sempre as pilas para depositalas no lugar correcto”, indicoulles o alcalde ao alumnado do colexio.

“Coruña Recopila” é unha campaña que contempla unha parte de sensibilización, dando a coñecer entre a cidadanía a importancia de reciclar pilas ao tratarse dun residuo altamente contaminante, e doutra banda, ofrece un servizo de recollida porta a porta en establecementos que poidan ser produtores de pilas ou nos que a cidadanía pode depositalas, como dependencias municipais, farmacias, ferreterías ou tendas de electrodomésticos.

Así mesmo, tal e como explicou o alcalde de Neda, a todos aqueles establecementos do municipio que se adhiran á campaña realizaráselles unha recollida trimestral das pilas durante o primeiro ano, e en exercicios sucesivos, con carácter semestral.



O alumnado do colexio e o propio alcalde de Neda participaron coa reciclaxe de pilas que tiñan por casa.

Exposición

Eloy Taboada trae ao Océano Surf Museo a exposición “On The Inside”

O Océano Surf Museo de Valdoviño inaugura este venres 4 de xuño a exposición temporal de fotografía de Eloy Taboada «On The Inside», baseada na publicación co mesmo nome.

Un libro de surf, que Taboada presentaba a finais de 2020 en Valdoviño, sen imaxes de olas, tubos ou xiros e no que o seu autor explora a capacidade do retrato para captar á persoa que hai detrás do personaxe público que representa o surfista, amosándonos, segundo o caso, toda a súa forza e vulnerabilidade.

O acto de inauguración terá lugar a partir das 19.30 horas, coa presenza do autor e do alcalde, Alberto González, e por motivos de aforo, as persoas que desexen asistir deben anotarse previamente no correo do museo.

A partir de entón, a mostra poderá visitarse ata o 4 de xullo -clausura que coincidirá coa do Pantín Classic-, en horario de martes a domingo de 11.00 a 14.00 horas e venres, sábado e domingo de 17.00 a 19.00 horas. Tamén en horario de Biblioteca de luns a venres de

16.00 a 20.00 horas —ata o 15 de xuño—.

De formación autodidacta, Eloy Taboada ten participado en numerosos proxectos publicitarios e exposicións. En 2008, foi galardoado con dúas mencións de honra no prestigioso certame fotográfico International Photography Awards e en 2009 foi seleccionado e galardoado de novo no certame fotográfico internacional Prix da Photographie París-Px3. Foi o fotógrafo da expedición arqueolóxica da Universidade da Coruña en Siria.



As fotografías da mostra están recopiladas nun libro do mesmo nome.

Sindo Vilariño, catedrático de Economía

Insurrección republicana en Ferrol. 1872

OS MILITARES AMOTINADOS ENTRAN NO ARSENAL MILITAR AO REDOR DA UNHA DA MADRUGADA, ACOMPAÑADOS POR CIVÍS REPUBLICANOS, E ARRESTAN AO COMANDANTE XENERAL

O once de outubro de 1.872, o brigadier (coronel de Artillería) Bartolomé Pozas Soler, e outros militares como o capitán de fragata retirado, nacido en Ferrol, Braulio Montojo Pajarin, o comisario de Intendencia retirado Francisco de Paula, o tenente coronel Miguel Vela, co apoio da Garda de Arsenais, e varios civís, alzáronse en armas contra o goberno de Amadeo I de Savoia, aos berros de: ¡Viva a República Democrática Federal!. ¡Abaixo as quintas!. ¡Abaixo os consumos!. ¡Non máis reis!. ¡Viva o Pobo Soberano!

Os militares amotinados entran no Arsenal militar pola Porta do Dique, ao redor da unha da madrugada, acompañados por civís republicanos, e arrestan ao comandante xeneral do Arsenal, Victoriano Sánchez Barcáiztegui, apoderándose de todos os buques. O número de sublevados vai aumentando e fálase de que chegan a mil cincocentas as persoas que participan na insurrección.

Ízanse as bandeiras vermelhas, símbolo da república, e proclámase en Ferrol a República Federal, 124 días antes de que sexa proclamada a I República en toda España. A idea que tiñan os sublevados era que o movemento de proclamación republicana fose secundado noutras cidades e pobos de España, pero non conseguen o apoio desexado. O acto violento é condenado polo líder dos republicanos federais moderados, Francisco Pi e Margall, polo Partido Republicano de Galicia, ademais da condena do Congreso de Deputados. Aínda que gozarán do apoio doutro sector da familia republicana, os intransixentes, e de varios comités republicanos de cidades galegas, defraudados polo incumprimento dos obxectivos da Revolución de setembro de 1868.

Os dous primeiros días unha columna dos sublevados, co brigadier Pozas á cabeza, percorren Ferrol acompañados dunha banda de música, portando bandeiras vermellas, e lanzando berros e proclamas a favor da República. Nomean unha Xunta Provisional para dirixir o Concello, presidida

polo ex-alcalde republicano, Francisco Suárez.

A Insurrección e Pontedeume

José Sánchez Bregua, capitán xeneral de Galicia, emite un bando o catorce de outubro, tres días despois da sublevación, declarando o estado de guerra, nos partidos xudiciais de Ferrol e Pontedeume.

O día trece forzas militares

manse a outras forzas militares na cabeza da ponte, onde xa o alcalde de Pontedeume Leandro Portal, mandara construír unha barricada para resistir ata que fosen chegando reforzos.

No libro de actas (AMP) de 1872 da Corporación de Pontedeume, só hai unha referencia á insurrección de Ferrol, o vinte un de outubro, e o secretario municipal anotou:

cito, repréganse primeiro ao areal de Cabanas e logo a un piñeiral na parte alta deste concello, onde serán de novo acoados, o que fai que os rebeldes se dispersen en todas as direccións.

No transcurso destas refregas rexistráronse polo menos varios mortos e moitos dos sublevados serán detidos en Pontedeume.

tojo sábese que pasou en dirección a Maniños, Vega vadeou o Eume e Pozas acompañado por un cura dirixíase á montaña, posiblemente camiño de Portugal.

A represión sobre os sublevados será durísima. Nos días seguintes lévanse a cabo consellos de guerra, ditándose polo menos vinte condenas de morte, -que foron conmutadas por pe-



gubernamentais procedentes da Coruña, xa toman posicións en diversos puntos da cidade, o quince comezan os enfrontamentos armados, e o dezanove as tropas do xeneral Sánchez Bregua, toman o Arsenal detendo a preto de catrocentas persoas.

Os insurrectos foxen en remolcadores e lanchas canoneiras ao Seixo e de alí tratan de pasar por Pontedeume. A ponte sobre o Eume será peza clave na estratexia para deter e frear aos rebeldes. Os carabineiros que abandonaron o porto do Seixo, logo de frear e deter aos primeiros desembarcados, sú-

“... nese día non se celebrou sesión ordinaria por acharse sumamente ocupado o alcalde Leandro Portal Fernández e o segundo tenente alcalde, con motivo das forzas do Exército situadas nesta Vila en perseguição dos fuxitivos sublevados en Ferrol”.

Na estrada de Ferrol ao Seixo, tentando marchar cara Cabanas e Pontedeume, varios centos de rebeldes comandados por Pozas e Montojo, son atacados e dispersados por unha sección da cabalería do escuadrón de Galicia e por unha columna de Cazadores de Segorbe, que dispara e carga contra eles. Ao ser freados polo exér-

Couceiro Freijomil afirma na súa Historia de Pontedeume, que un soldado do Goberno chamado Apolinar García cae morto e recibe sepultura no cemiterio de Pontedeume e na igrexa da vila celebráronse funerais polo seu descanso.

O alcalde de Pontedeume comunica o dezanove de outubro que na ría apareceron dez cadáveres, e desta noticia, que non chega a confirmarse, da conta tamén o xornal El Eco de Galicia de Lugo.

No que coinciden as crónicas é que os xefes da insurrección, Pozas, Montojo e Vega escaparon e non foron detidos. Mon-

nas de presidio-, máis dun centenar de condenas a varios anos de prisión, e centenas de desterrados forzados ás colonias de ultramar.

Ao proclamarse a República o ano seguinte, aprobouse unha amnistía para todos os delitos cometidos nas insurreccións republicanas.

Para analizar máis polo miúdo esta insurrección de carácter republicano, os seus obxectivos e as posibles causas do seu fracaso, é fundamental ler o libro “La Insurrección de Ferrol de 1872” de Alfonso Gomis Rodríguez publicado no ano 2000 pola Deputación de A Coruña.

Escapadas



O castelo de Andrade, en Pontedeume.

TURISMO.GAL

Un roiteiro polos castelos medievais do Eume

OS SEGREDOS MEDIEVAIS DAS COMARCAS AGÓCHANSE NO SEU PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO, ESTES CASTELOS LEVAN SÉCULOS SENDO TESTEMUÑAS DO DEVIR DA SOCIEDADE

Galicia conta cun patrimonio arquitectónico e histórico á altura do seu patrimonio natural, do que As Fragas do Eume ou a costa de Ferrol e Ortegal son bos exemplos. A maioría dos municipios contan cunha torre defensiva, testemuña do paso histórico, ou incluso cun castelo nos casos máis emblemáticos.

Nesta proposta de ruta, saltar dunha construción histórica a outra é case posible, mais o recomendable é desprazarse en coche descubrindo o patrimonio arquitectónico da contorna.

O Castelo dos Andrade é a primeira parada do roiteiro, situado a 3km en liña recta de Pontedeume e construído no século XIV por orde de Fernán Pérez de Andrade “O Boo”. A lenda conta que existía un pasadizo segredo dende



Un dos patios do castelo de Moeche.

CONCELLO DE MOECHE

■ **As tres fortalezas foron testemuñas das revoltas irmandiñas, un dos episodios históricos máis importantes de Galicia.**

o castelo ata o torreón dos Andrade no centro da vila. A pesar das súas pequenas dimensións, os muros do castelo son de gran tamaño, sumado a que se erixe sobre unha pena, polo que as vistas son espectaculares.

Ademais da fortaleza eumesa, o mesmo membro dos Andrade tamén mandou construír a fortaleza de Moeche. Ambas formaban, xunto coa de Naraío un triángulo para defender as posesións da familia na comarca eumesa. Cómpre indicar que as tres fortalezas foron testemuñas das revoltas irmandiñas.

O castelo de Moeche non se atopa nun outeiro, senón no val de San Xurxo. A fortaleza está parcialmente rodeada por

un foso e a súa entrada presenta unha praza de armas, unha barcana e saeteras.

Sobre unha xigantesca rocha nun espectacular paraxe natural, eríxese o castelo de Naraío, en San Sadurniño. Nalgúns puntos, confúndense os muros coa rocha sobre a que se levanta a fortaleza. É posible chegar dende o castelo de Moeche ata o de Naraío a pé, grazas a un roiteiro de 12 quilómetros que discorre entre ambos.

A destacar

HORARIOS

■ O Castelo de Naraío é de acceso libre, pódese visitar en calquera momento do ano, aínda que se recomenda ir con suficientes horas de luz, para evitar que anoiteza.

■ No caso da fortaleza de Moeche, esta ampliará os seus horarios no mes de maio, abrindo mércores, xoves e venres de 16:30 a 19:00, e as fins de semana e festivos de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

■ O Castelo de Andrade pode contemplarse dende o exterior en calquera momento, as visitas guiadas para grupos ao seu interior poden organizarse chamando á Oficina de Turismo do municipio.

OUTRAS OPCIÓNS

■ Se se quere ampliar a ruta, os Castelos de San Felipe, en Ferrol, e da Concepción, en Cedeira, propoñen interesantes visitas.

■ A fortaleza de San Felipe preside a entrada da ría de Ferrol, con 16.000 metros cadrados de fortaleza levantada no século XVIII.

■ Antigamente, unha cadea con madeiras estendíase sobre o mar entre San Felipe e o desaparecido castelo de San Martín, en Ares, coas que se impedía a entrada na ría. Recentemente, acaban de estrear unha nova zona de exposicións.

■ O Castelo da Concepción atópase na boca da ría de Cedeira, unha fortaleza erixida no século XVIII. Foron os propios veciños de Cedeira quen demandaron a súa edificación tras o ataque da vila por parte dos ingleses na Guerra de Sucesión austriaca.

■ Logo da súa restauración na década dos 90, o Castelo da Concepción é accesible ao público e pódense visitar algunhas das estancias así como o seu centro de interpretación.

Carlos de Castro, profesor e historiador

Heráldica dos concellos e historia

Poderíamos pensar que os escudos heráldicos, as pedras armeiras ou os brasóns son categorías históricas sen vixencia e non nos equivocariamos, ou polo menos posúen a mesma vixencia que ten na actualidade a nobreza. Xorden a finais do século XII ou principios do XIII como emblemas ou símbolos de identidade das liñaxes nobiliarias, non dos apelidos. A moda actual, moi de feira medieval, de pretender que cada apelido posúa o seu escudo heráldico carece de sentido.

Pero do pasado sempre algo queda ou se reconverte. Se os escudos heráldicos tal e como xurdiron na Idade Media son unha antigüalla, non o son os escudos dos concellos, algúns relativamente recentes. O seu desenvolvemento prodúcese, na primeira metade do século XIX, desde os primeiros pasos do constitucionalismo. Na actualidade non todos os concellos teñen un escudo, pero bastaría para telo, segundo a lexislación vixente, un estudo histórico que xustificase os seus elementos e unha aprobación en pleno municipal. Outra secuela son os escudos dos equipos de fútbol ou das entidades deportivas, pero en realidade non hai asociación, institución ou empresa que non teña o seu logotipo, algúns tan populares que por si sós serven para representalas.

A nobreza realizou os seus escudos en pedra e colocounos na súa casa, nos edificios que patrocinou e nas súas tumbas; debuxounos nas súas armas, roupas e obxectos móbiles, ou utilizounos con profusión nos seus documentos como selo de validación ou colgantes de chumbo, especialmente nos documentos reais; ou como selos lacrados en cera, sendo o máis antigo deste material o selo de Afonso VII de 1152.

Os selos en tinta corresponden a un momento onde se inventaron os cuños de caucho. O aumento da complexidade da documentación dos concellos fixo necesaria a utilización destes selos que foron obrigatorios desde 1848, tras unha Real Orde de Isabel II.

En 1876 don Francisco González de Vera, Director do Arquivo Histórico Nacional, pretende crear unha Sección de Sixilografía e conseguiu que os

Escudo de A Capela, 1836.



Escudo de Ares, 1851.



Escudo de Cabanas, 1844.



Escudo de Mugardos, 1805.



Escudo de Fene, 1836.

concellos de toda España lle mandasen os selos que utilizaban. O resultado é unha colección de 15.000 selos, 10.000 deles municipais. As corporacións municipais mandan estes selos (de alcaldía e concello, pero tamén doutras institucións) cunha recensión histórica indicando desde cando se utilizaban. Sorprende destas recensións históricas o desconecemento que teñen da historia.

O concello de Ares manda un selo cun castelo, manifestando que o utilizaban desde facía uns 25 anos. O seu alcalde, Agustín Dobal, non sabe a razón da presenza do castelo, e engade que algúns o atribúen ao feito da existencia dun castelo á entrada da rada ou porto da vila, denominado da "Poella", desde onde, no ano de 1808, se deu o primeiro berro da independencia contra os franceses por parte do xeneral máis antigo que había en Galicia. O berro foi acompañado dunha salva de canonazos que foi contestada con outra desde A Coruña.

O concello de Ares mantivo o castelo no seu escudo, pero non sucede o mesmo nos escudos doutros concellos da comarca.

O alcalde de Cabanas, Xoán Rodríguez, manda un selo con catro cuarteis, dous de barras e dous dous que parecen cravos. Di na recensión que o utilizan desde 1844 sen saber de onde procede, aínda que suxire que puidese proceder de ser xurisdición da Colexiata de Caaveiro, apreciación totalmente equivocada.

O mesmo sucede con Monfero. O seu alcalde, Manuel Rodeiro, manda tres selos. Un que di usa a alcaldía desde 1866 por perderse o anterior, outro que usa o concello desde 1860, e outro que se usou durante a República, que, loxicamente, a diferenza dos anteriores, non ten coroa real e parece conter unha balanza. Os selos están tan desgastados que resulta difícil identificar as súas imaxes.

Respecto ao concello da Ca-

pela, mándase un selo, de imaxe difícil de identificar, que se usaba desde 1838.

En Mugardos, o seu alcalde, Xosé Badía, envía un selo de alcaldía e outro de concello, ámbolos dous similares, formados pola coroa real e unha estrela de 8 puntas. Na etapa da República, a coroa real é substituída por outra estrela. Dise na recensión histórica que se acordou utilizar o devandito escudo de armas en sesión do concello do 1 de xullo de 1805, formado por "dúas coroas cunha estrela no medio, en campo prateado, para perpetuar a memoria do seu triunfo no preito de vasalaxe co convento de Montefaro, e pola graza que o Rey Dn. Felipe, 4º pola súa real célula do 25 de Novembro de 1690, concedeu a esta vila e porto de Mugardos, de librala da contribución de soldados e mariñeiros, pola feliz casualidade de desembarcar na rada deste pobo o seu moi cara e amada esposa".

Nada se achega sobre os dous escudos de Fene, que só conteñen o nome de Alcaldía ou Concello Constitucional de Fene e que o seu alcalde, Andrés Rodríguez, di que un (que ademais contén unha palmeta) usouse entre 1836 e 1872 e o outro que foi adquirido polos anos 1862 ou 1863.

O caso de Pontedeume

Sobre o tema escribimos un artigo no anterior número de Cátedra de 2020 e os escudos en tinta foron incluídos na exposición sobre a celebración do 750 aniversario da fundación da vila. Só queremos insistir na antigüidade do escudo de Pontedeume, que moito antes de ser plasmado en tinta e utilizado desde 1844 xa existía en pedra tal e como o podemos ver hoxe na entrada da casa do Concello. Din que o devandito escudo foi atopado nos cimentos da desaparecida casa-pazo, feito que pouco achega sobre a súa orixe ou antigüidade. A súa datación é incerta, pero posiblemente anterior ao século XVII. Este escudo posúe os elementos máis significativos da historia da vila, como son a ponte, o torreón e o oso e o xabaril, emblemas do primeiro señor de vila. Foi legalizado sendo alcalde Berlamino Freire por Decreto 420/1996, do 21 de novembro, previo informe histórico-heráldico.



Escudos de Monfero.

Iniciativa

O Camiño Inglés a golpe de viñeta

Viñetas do Camiño: Unha ollada Patrimonial ao Camiño Inglés en Ferrolterra é unha proposta enmarcada no programa *O Teu Xacobeo* dirixida a promocionar o concello de Fene e a comarca de Ferrolterra como destinos turísticos e culturais, promover o patrimonio cultural xacobeo como fonte de inspiración para a creación artística contemporánea e fomentar o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño, particularmente entre os máis novos.

A actividade central do programa será a Andaina Debuxada, que consistirá nun percorrido os días 12 e 13 de xuño polos tramos das comarca polos que pasa o camiño. O sábado, 12 de xuño, a saída será ás 19.00 horas da Casa do Concello de Fene, facendo paradas na Casa de Cultura de Neda, Ponte de Xuvia, Praza do antigo concello en Xuvia, rotonda de Megasa, Caranza e peirao de Curuxeiras.

O domingo 13 a actividade partirá ás 15.00 horas da parada do bus de Pontedeume facendo paradas en Laraxe e Fene. O Concello de Fene contará co movemento asociativo para organizar esta actividade na que 12 artistas, 6 cada día, estarán a realizar debuxos en vivo noutros tantos puntos do itinerario.

Os artistas invitados serán

Elga Fernández Lamas (nos Xardíns de Herrera), Blanca Escrigas (en Santa María de Caranza), Carmen Martín (no mosteiro de San Martiño de Xuvia), Leandro Lamas (no muíño das Aceñas), Calros Silvar (no albergue de Neda), Cristian F. Caruncho (na igrexa de San Nicolás), Xaquín Marín (no Museo do Humor), Laura Bouza (na Casa do Concello de Fene), Beatriz Seijo (no Camiño de Múndin), Dulce Anca (na Fonte de Santa Lucía), Juan Manuel Rubio Lozano (na praia da Magdalena e despois na Confraría de Pontedeume) e Hugo Feal (na Alameda de Pontedeume). Os participantes tamén serán convidados a debuxar nos cadernos, que serán entregados na saída.

Ademais, ao longo do mes de xuño desenvolverase en diversos espazos de Fene, un ciclo de contacontos e actuacións musicais polo que pasarán diferentes artistas. O ciclo finalizará o día 23 de xullo cunha cita musical que coincidirá coa inauguración física das obras realizadas.

Por último, realizarase unha exposición física e virtual cunha selección das obras realizadas na Andaina Debuxada e no resto de actividades. A exposición física realizarase en seis puntos dos concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas e Pontedeume.



O proxecto levouse tamén aos colexios de Fene para dar a coñecer o Camiño Inglés.



Os pintores e debuxantes estarán espallados por varios puntos da ruta xacobeá.

Hola, somos

AUXILIAR BROKER

una nueva correduría de seguros en Vilar do Colo.

Queremos ayudarte a gestionar tus seguros con
tres compromisos muy sencillos:

1. Vamos a darte la mayor cobertura al mejor precio.
2. Te entregaremos como mínimo tres propuestas.
3. Revisaremos tu póliza cada año en busca de mejores ofertas

Somos la mejor compañía entre tú y tu aseguradora.

☎ **Llámanos** 619 37 41 40 / gcorrea@auxiliarbroker.com

📍 Polígono Vilar do Colo Rúa Cornecha / Parcela 4 / Oficina 5